

LINGUA E LITERATURA

1 ESO

Agustín Fernández Paz
Ana Iglesias Álvarez
Anaír Rodríguez Rodríguez
Miguel Louzao Outeiro
Xabier Campos Villar
Xosé Manuel Moo Pedrosa

unidade_5

a_vestimenta



sumario

lectura e comentario	76
«Falando polo chat»	
tipos de textos	80
Conversamos: diálogo, chat, cartas, correo-e	
os nomes das cousas	82
A vestimenta	
lingua e sociedade	84
España: Estado plurilingüe	
a lingua por dentro	86
Os verbos regulares: o tempo e o modo	
letras e signos	88
Uso de <i>c / z / qu</i>	
síntese	89
proba de avaliación	90

previo

- *Que pezas de roupa usas máis a miúdo? Gústache seguir as modas ou tes un estilo propio?*
- *Que son as tribos urbanas? Encaixas nalgunha delas?*
- *Que medio che gusta máis para escribirilles aos teus amigos ou familiares: a carta persoal ou o correo electrónico? Que vantaxes e desvantaxes ten cada un deles?*
- *Cantas linguas cres que se falan en España?*

Falando polo chat

XIÁN- Olaaaaaaa! 😊

ALBA- Que tal, Xián??? 😊

XIÁN- Que me contas?

ALBA- Non, cóntame ti a min, tío, que estabas tan interesado en chatear hoxe...

5 XIÁN- Vale, vale, pero non te poñas así, oh! 😞

ALBA- A ver, soltas iso? zzzzzzzzz

XIÁN- É que non sei se me gardarás o segredo, tía.

ALBA- COMO? NON CONFÍAS EN MIN? 😞

XIÁN- Si, oh! Sabes que Lois está saíndo con María?

10 ALBA- Pero Lois non andaba por Uxía? 😞

XIÁN- Si, pero agora pediulle para saír a María.

ALBA- Por certo, a que María?

XIÁN- Á de segundo B, non a coñeces?

ALBA- Supoño, pero como hai tres, dime cal delas.

15 XIÁN- Si, a que vai sempre cunhas camisolas de Bob Esponxa e uns pantalóns frouxos deses que se levan.

ALBA- Ai, xa. Pois non os acabo de ver, que el é moito máis clásico; sempre coa súa camisa de marca, os seus vaqueiros, os náuticos e eses cascos... que debe ter tres ou catro porque sempre os leva a xogo coa bufanda e coas luvas.

XIÁN- Pero a roupa que leve cada un non ten que ver con que a María lle mole Lois, non che parece?

20 ALBA- Veña, tío, non me marees. 😞 Eu nunca saíría cun tío así, superlambido, cheo de marcas de arriba abaixo, por moi guapo que fose. E María é moi riquiña, que é colega de Lupe e díxome que era unha tía moi guai e moi legal.

XIÁN- Pois eu se estou por unha tía non lle miro a roupa que leva...

25 ALBA- Aaaaala, o que faltaba, colegui, non preferirás que a túa rapaza vista con pano na cabeza, mandil e refaixo, coma hai cen anos...

XIÁN- Boh! Ti sempre ou branco ou negro, tía, que tamén hai grises!!! Digo que eu teño o meu estilo; práctico, cómodo e informal. Xa sabes que a min vaime o chándal, unhas bambas, as camisolas... e nunca me verías de camisa ou de zapatos, pero se á miña moza lle apetece ir de modelíño, alá ela...

30 ALBA- Pois eu creo que a roupa tamén che deixa ver o carácter de quen a leva, e eu non sería capaz de estar con alguén totalmente distinto de min.

XIÁN- Vale, tía, pois clónate, ou bica o espello.

ALBA- Vou ter que cortar porque quedei e xa me están a facer unha perdida.

XIÁN- Si, a min tamén se me fai tarde. E sigue buscando a quen te ature... wapa. 😊

ALBA- O mesmo digo, meu churriño. 😊

35 XIÁN- Un bk e adeus.

ALBA- Outro. Qrt m8, a pesar de todo. ❤️

Comprendemos

- Resume brevemente o contido da lectura.
- Responde estas cuestións:
 - Quen son os participantes neste chat?
 - Que temas tratan?
 - Que segredo lle conta Xián a Alba?
 - Parécelle a ela atinada a relación? Por que?
 - Que opina Alba sobre a roupa que debe levar alguén para que lle guste? E Xián?

3. Ti sempre ou branco ou negro, tía, que tamén hai grises!!! (l. 26)

O chat é un tipo de texto que se caracteriza polo emprego dun estilo informal e pola utilización de trazos propios da comunicación escrita e da oral.

- No seguinte cadro tes as principais características da linguaxe dos chats. Complétao achegando exemplos tirados do texto para cada caso.

CARACTERÍSTICAS	EXEMPLOS
Uso de expresións coloquiais	
Repetición de letras ou de signos de puntuación	
Emprego de palabras abreviadas	
Uso de interxeccións e onomatopeas	
Uso de emoticonas para representar emocións	

Expresámonos

- Despois do que xa aprendiches sobre a descrición na unidade anterior, seguro que podes describir perfectamente a Xián e a Alba. Á hora de facer a descrición ten en conta os datos que dan na súa conversa.
- Pois eu creo que a roupa tamén che deixa ver o carácter de quen a leva, e eu non sería capaz de estar con alguén totalmente distinto de min** (l. 29-30)
 - Estás de acordo con esta afirmación? Organizade un debate sobre este tema no que todos e todas expresedes oralmente a vosa opinión ao respecto.
- Digo que eu teño o meu estilo; práctico, cómodo e informal** (l. 26)
 - Xián define o seu estilo con estes tres adxectivos. Escribe ti tres adxectivos que caractericen o estilo das persoas propostas no cadro da marxe.

Ti
 Profe de lingua galega
 Mellor amiga ou amigo
 Deportista preferido ou preferida
 Veciño ou veciña

Ampliamos

7. Pois non os acabo de ver, que el é moito máis clásico; sempre coa súa camisa de marca, os seus vaqueiros, os náuticos e eses cascos (l. 16-17)

No fragmento anterior aparecen *é* (verbo *ser*) e tamén *e* (conxunción copulativa). Completa estes ocós coa forma apropiada:

- *El ____ bo rapaz ____ seu irmán tamén o ____.*
- *____ teu o can que está na porta do instituto? ____ a bici?*
- *Xoán ____ o meu mellor amigo ____ mais tamén ____ o meu confidente.*
- *____ ela non se decatara de que ____ imposible aprobar sen traballar?*

8. Pronuncia en voz alta estas dúas palabras do texto: Hoxe e home.

- Que diferenza notas? E entre *veña* e *leva*?
- Indica se a vogal tónica das seguintes palabras é aberta ou pechada:

HERBA	PRESA
PEDRA	SON
CORDA	PERFECTO
OVO	ÓSO
PESO	NON

9. Fai as transformacións precisas no seguinte fragmento do texto para que signifique xusto o contrario:

Eu nunca saíría cun tío así, superlambido, cheo de marcas de arriba abaixo, por moi guapo que fose. E María é moi riquiña, que é colega de Lupe e díxome que era unha tía moi guai e moi legal.

Lembra que nalgúns casos vas ter que usar o antónimo, noutros eliminar a partícula negativa e noutros incluíla.

Investigamos

- Xián dille a Alba: «Vale, tía, pois clónate, ou bica o espello» (l. 31)
 - Sabes o que quere dicir *clónate*? Investiga sobre a clonación para que poidas responder a estas cuestións:
 - *En que consiste a clonación?*
 - *Con que animais se experimentou inicialmente con éxito?*
 - *Que utilidades teñen estas prácticas no mundo da medicina?*
 - *Cres que se chegarán a aplicar en seres humanos? Por que?*



Conversamos: diálogo, chat, cartas e correo electrónico

Nestas dúas páxinas imos achegarnos a diferentes formas de comunicación: o diálogo, o chat, a carta, o correo electrónico e a mensaxe de móbil. Todas elas teñen en común que serven para o intercambio de información entre dúas ou máis persoas.

O diálogo

Nunha narración, o diálogo é o procedemento narrativo mediante o cal a voz narradora reproduce o que din os personaxes cando conversan entre eles.

A voz narradora pode empregar diferentes procedementos para reproducir un diálogo. Repara nestes textos:

—**P**rofe, profe, mañá vén unha rapaza nova.
 —Si, vén de África!
 —De Nixeria!
 —Vén de Lagos!
 —De Lagos de Nixeria, non do de Portugal!
 —Que balbordo é este? Seica comestes lingua de papagaio? —pregunta Sara, a profesora de inglés. (...)
 —Sara, a que non sabes que lingua se fala en Nixeria?
 —O inglés, é a lingua oficial de todo o país. Pero ademais hai todo un mosaico de linguas e culturas propias de cada lugar concreto.

Fina Casalderrey: A lagoa das nenas mudas

Non puideron atender ningún dos dous: o teléfono soou máis alto. Bastou oír o «ola» para recoñecer a voz de Marcelo quen, como delegado de clase, me deu o pésame e me preguntou onde sería o velorio. Díxenlle que non o sabía e suxerínlle que chamase máis tarde. O teléfono volveu soar, aínda máis estridente; esa vez era Danyelle. Púxose a choromicar e confesoume que lle caía moi ben a avoa Nina, incluso mellor ca min. Que era iso, un eloxio ou unha ofensa? Ante a dúbida, deille as grazas e aproveitei para preguntarlle como soubera a nova.

Sérgio Klein: Poderosa 2

1. En cada un destes textos reproducíase un diálogo entre varias persoas.
 - Que diferenzas observas no xeito de reproducilos? En que texto podemos ler literalmente o que din os personaxes e en cal non? Cal é o papel da voz narradora en cada caso?
2. Cambia de estilo os diálogos anteriores, convertendo en directo o indirecto e viceversa.
3. O chat que figura como lectura desta unidade, é un exemplo de diálogo en estilo directo ou indirecto?

O diálogo pódese representar en **estilo directo** ou en **estilo indirecto**.

Estilo directo

- Reprodúcense as palabras dos personaxes tal e como as dixeron.
- Cada intervención márcase cun guión no comezo.

Estilo indirecto

- Unha voz narradora conta o que os personaxes dixeron.
- Modifícanse os tempos verbais e os nexos.

Un **chat** é unha conversa mantida por escrito e a tempo real por dúas ou máis persoas conectadas a Internet.

As cartas persoais

Son escritos a través dos cales nos poñemos en contacto con familiares, amigos ou outras persoas. Neste tipo de cartas prevalece a función expresiva da linguaxe e utilízase un rexistro informal ou familiar. A forma destas cartas é bastante sinxela, cunha estrutura coma a que podes ver na seguinte:

Sanxenxo, 29 de outubro de 2011

Antía Paradela Souto
Ourense

Querida Antía:

Xa hai uns días que recibín a túa carta. Que alegría levei cando atopei o sobre na caixa de correos! Non che puideron contestar até hoxe porque tiven moito que estudar.

Sabes que me regaláron polo meu aniversario? Un PC tablet de 10 polgadas! Así podo ler libros electrónicos e cómics onde queira, ademais de xogar, chatear, consultar o correo electrónico... Por certo, cando veñas verme trae algún dos teus xogos e probámolo na miña tablet, xa teño ganas de que a vexas!

Dixenche xa que Daniel vai na mesma clase ca min? Pois eu non sei que lle deches polo verán, porque dende hai unhas semanas case non hai día que non me pregunte por ti: que que tal che vai no teu instituto, que cando pensas volver por aquí... Eu xa lle dei o teu enderezo para que che escriba; ganas non lle faltan, pero a min paréceme que non se vai atrever.

Ides vir polo Nadal? A min gustárame, pero xa sei que non depende de ti. Se vés imos ter todo o tempo do mundo para falarmos e pasalo ben. E se non podes vir, escíbeme unha carta ben longa, contándome como che vai.

Moitos bicos da túa mellor amiga.


Laura

O correo electrónico

Na actualidade, tamén nos podemos comunicar a través do correo electrónico (correo-e), unha das aplicacións máis populares e prácticas de Internet.

O correo electrónico pode empregarse para as mesmas situacións en que utilizaríamos unha carta tradicional, pero posúe a vantaxe de ser inmediato: a persoa destinataria pódoo ler xusto despois de que nós llo enviemos. Por riba, con el poden mandarse textos, fotos, cancións ou vídeos que teñamos arquivados no ordenador.

4. Escribe unha carta persoal a un amigo ou amiga que estea fóra do lugar onde ti vives. No sobre tes que poñer o nome e o enderezo da persoa á que se lle envía a carta; no reverso do sobre debes poñer os teus datos.
5. Transforma un e-mail que mandases recentemente nunha carta e indica os cambios que fixeches, así como as partes da carta que creaches.



Para: Neste apartado ponse o enderezo de correo do destinatario. Se son varios pódense poñer os distintos enderezos separados por coma

Documento anexo

Corpo: Inclúinase neste apartado todo o que se desexe dicir na mensaxe

Segundo a intención comunicativa do emisor e dependendo de quen sexa o destinatario as **cartas** poden ser **persoais, comerciais, á dirección, de presentación** etc.

A través dos teléfonos móbiles podemos enviar as **mensaxes SMS**, que teñen a vantaxe da inmediatez. Como deben ser breves (como máximo 160 caracteres), nas SMS téndese a eliminar as palabras que non son imprescindibles e a utilizar as abreviaturas de xeito xeneralizado.

A vestimenta

Todo en orde

1. **RECOLLE O TEU CUARTO!** Indica en que lugar do armario colocarías as seguintes pezas de roupa e calzado, co fin de que quede o máis ordenado posible. Explica os criterios que utilizaches.



2. Agrupa as palabras da marxe nestes tres campos semánticos:

- ALFINETE
- VELUDO
- FÍO
- AGULLA
- ELEGANTE
- LIÑO
- TESOIRA
- ALGODÓN
- FELTRO
- CINGUIDO
- CUMPRIDO
- RECHAMANTE
- ESTRAFALARIO
- LA

TIPOS DE TECIDOS	INSTRUMENTOS DE COSTURA	ADJECTIVOS VALORATIVOS

3. Forma parellas de sinónimos cos seguintes verbos:

- ZURCIR
- ACAER
- ANOAR
- GANDUXAR
- PREGAR
- ESPIR
- REMANGAR
- TIRAR
- ATAR
- DENUDAR
- DOBRAR
- CINGUIR
- APERTAR
- FAVORECER
- REFUCIR
- QUITAR

Un **campo semántico** é un conxunto de palabras que teñen en común algún trazo do seu significado.

Tribos urbanas

O príncipe, co seu frac roto e cheo de imperdibeis, os pantalóns vaqueiros cinxidos, unhas bastas botas militares, o brinco na orella e a crista pintada coas cores da bandeira nacional, saudou desde a varanda.

M. Lourenzo González: *Tanis I o Mocoso*

4. Paréceche un xeito de vestir propio dun príncipe nun acto oficial? Por que?

- A que tribo urbana pensas que pertence este personaxe, polo seu aspecto? E os das imaxes seguintes? Describe a vestimenta de cada un deles e identifica a que tribo pertencen.



5. **SOLTAMOS A LINGUA.** Iremos simular un diálogo entre un cliente e un vendedor ou vendedora. O cliente quere cambiar unha peza de roupa por outra e pídelles asesoramento ao vendedor na súa elección. Debedes inventar o motivo do cambio e as pezas de roupa implicadas, así como xestionar o tamaño, a cor, a forma, o prezo, a forma de pagamento etc. O cliente, tras probar a roupa, non está moi seguro, e o vendedor ou vendedora intentará convencelo para que compre (antes de ter que devolverlle os cartos).

- Unha vez que o preparedes por parellas no sitio, teredes que escenificalo para o resto da clase.

6. Emparella cada frase feita co seu significado:

- PASAR A GORRA
- APERTAR O CINTO
- COMPRAR PARA AS MEDRAS
- SER UN VIRACHAQUETAS
- IR COMA UN ENTROIDO
- ANDAR FEITO UN ADÁN
- SUAR A CAMISA

- Pedir cartos
- Vestir de xeito extravagante
- Cambiar de opinión a miúdo
- Esforzarse moito
- Vestir de xeito descoidado
- Mercar roupa máis grande do preciso
- Aforrar

España: Estado plurilingüe

Sabías que en España se falan até sete linguas distintas? Estas, xunto coas que nos traen os inmigrantes, cada vez máis numerosos, supoñen unha importante riqueza lingüística e cultural.



1. Observa o mapa e responde:
 - Que comunidades autónomas son bilingües, en todo ou en parte do seu territorio?
 - Cales son trilingües?
2. Investiga os motivos polos que hai unha zona de fala galega no norte de Cáceres, no val do río Ellas.

Situación legal

Non todas as linguas de España teñen o mesmo recoñecemento legal. A única que é oficial en todo o Estado é o castelán. Das restantes, o galego, o éuscaro, o catalán e o aranés son cooficiais, pero non en todos os seus territorios (só nas comunidades de Galicia; Euskadi e Navarra; Cataluña, Valencia e Baleares, e o Val d'Arán respectivamente).

3. Que linguas das citadas no mapa non gozan de status oficial en ningún dos lugares onde se falan?
 - En que zonas se fala galego pero esta lingua non é considerada oficial? E catalán?

Cerca da metade dos cidadáns do Estado español vive en áreas bilingües ou trilingües.

Situación social

Todas as comunidades que recoñecen a cooficialidade das súas linguas propias aprobaron cadansúas leis de normalización lingüística, co fin de promover e regular o seu coñecemento e uso, intentando compensar así a situación de inferioridade na que se atopan con respecto á lingua estatal (o castelán). Nos estatutos de autonomía confíreselles aos poderes públicos a responsabilidade de velar pola normalización das linguas propias en todos os ámbitos da sociedade.

4. Pon dous exemplos da situación de desigualdade social na que se atopa unha lingua como o galego, por exemplo no ámbito dos medios de comunicación ou no ámbito laboral.

Relacións de parentesco

A excepción do éuscaro, todas as demais linguas propias de España pertencen á familia indoeuropea e, en concreto, ao subgrupo das linguas románicas (procedentes do latín). Isto facilita a súa aprendizaxe e permite un grao de comprensión bastante alto entre todas elas, sen case necesidade de estudalas. Compróboo por ti mesmo.

5. Aquí tes un fragmento de *O Principiño* en tres das linguas que se falan en España: aragonés, catalán e astur-leonés. Intenta descubrir de que lingua se trata en cada caso e proba a traducilos.

1. Siendo yo un niñín d'unos seis años vi una vez, nun llibro que falaba de la Selva Virxen, un dibuxu perguapu. El llibro titulábenlu *Histories Vivíes*.

2. Cuan yo teneba seis añadas i beyié, una begada, un debuxo mannifico en un libro sobre a Selba Zanzera que se clamaba *Istorias Bibidas*.

3. Quan tenia sis anys, vaig veure una vegada un magnific dibuix en un llibre sobre la Selva Verge que es deia *Histories Viscudes*.

6. Repara nas palabras desta táboa e escribe a palabra galega que falta.
 - Ao tempo sinala cales son as linguas máis próximas, as que máis se parecen. Razoa a túa resposta.

catalán	portugués	castelán	éuscaro	galego
badía	baía	bahía	badia	
llanterna	lanterna	linterna	esku-argi	
joies	jóias	joyas	bitxiak	
llamp	relâmpago	relámpago	tximistargi	
casament	boda	boda	ezkontza	
cadena	cadeias	cadena	kaetak	
mobles	móveis	muebles	altzariak	
fusta	madeira	madera	zura	
consell	conselho	consejo	aholku	

ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.



O verbo concorda en número e persoa co suxeito que realiza a acción.



Os verbos regulares

O **verbo** é unha clase de palabras que expresa a acción realizada por un suxeito e desempeña a función de predicado.

1. Le o seguinte texto e sinala cal é o suxeito de cada un dos verbos resaltados.

O cantante non **tardou** en entrar. **Traía** nunha man a guitarra, gardada nunha funda de tea, e na outra, o pano vermello que lle **servira** para recoller os donativos. **Achegouse** ata a mesa onde Sara o **agardaba** e **pediu** outra cervexa. Ela **estaba** impaciente pola espera e, en canto o outro **sentou**, **díxolle**:

5 —**Perdoa** a miña brusquidade, pero é que **estou** cansa de tanto agardar. Os dous **sabemos** para que **estamos** aquí, non **precisamos** continuar con tanto teatro. Por que non me **dis** o que teño que facer?

—Tranquila, doutora, non **teña** tanta présa. Nesta cidade hai que andar con tino, son moitos ollos desexando coñecer o que **fai** o veciño. Ademais, a felicidade

10 **consiste** en saber gozar cos pequenos praceres da vida, non llo dixeron nunca?

Agustín Fernández Paz: *O centro do labirinto*

Os verbos poden pertencer a tres conxugacións distintas, dependendo de cal sexa a terminación do infinitivo:

- **1ª conxugación:** rematados en **-ar** (*cant-ar, lev-ar, estud-ar...*)
- **2ª conxugación:** rematados en **-er** (*com-er, prem-er, mov-er...*)
- **3ª conxugación:** rematados en **-ir** (*sa-ír, finx-ir, escrib-ir...*)

2. A que conxugación pertencen os verbos sinalados no texto?

- Ex.: **Tardou:** infinitivo **tard-ar** → 1ª conxugación

As formas verbais divídense en dúas partes fundamentais:

Forma verbal: TARDADES	
RAÍZ	DESINENCIAS
Indica o significado do verbo	Indican a persoa, o tempo e o modo
tard- 'empregar moito tempo para facer algo'	-ades 2ª persoa do plural do presente de indicativo

3. Di cal é a raíz e cales as desinencias das seguintes formas verbais:

AGARDABA	SENTOU	PRECISAMOS
AGARDEI	SENTASTES	PRECISABADES
AGARDÁSEMOS	SENTARÍAN	PRECISO

Verbos regulares: a raíz non cambia aínda que cambie a persoa, o tempo ou o modo.

cant-ar: *cant-o, cant-astes*

Verbos irregulares: a raíz varía nalgúns casos.

fac-er: *fag-o, fix-estes*

O tempo

O **tempo** indica o momento en que se produce a acción expresada polo verbo con respecto ao momento de fala.

- **Presente:** a acción acontece ao mesmo tempo que se fala (*agora **escoito** música*).
- **Pasado:** a acción acontece nun momento anterior ao tempo en que se fala. O pasado pode presentar distintas formas:
 - **Pretérito:** expresa unha acción rematada no pasado (*onte **escoitei** música*).
 - **Copretérito:** indica accións que suceden ao mesmo tempo no pasado (*onte, cando ti entraches eu **escoitaba** música*).
 - **Antepretérito:** expresa unha acción anterior a un momento do pasado (*onte, cando ti entraches no meu cuarto, eu xa **escoitara** música*).
- **Futuro:** a acción vai ocorrer despois do momento da fala (*mañá **escoitarei** música*).

O **pospretérito** indica unha acción que se realiza con posterioridade a un momento do pasado. É o futuro do pasado: *Estaba escoitando música e sabía que **entrarías** en calquera intre*.

Era mediodía. Os viaxeiros subían ó autobús. Estábase apertado. Un mozo levaba enriba da cabeza un sombreiro que estaba rodeado por unha trenza, non por unha cinta. Tiña un pescozo longo. Queixábase ó seu veciño das topadas que este lle inflixía. Ó que avistaba un sitio libre, botábase correndo cara alá e

5 sentaba nel.

Eu avistábao máis tarde, diante da estación de Saint-Lazare. Vestíase cun gabán e un compañeiro que se atopaba alí facíalle esta observación: «Cumpría poñer outro botón máis».

Raymond Queneau: *Ejercicios de estilo*

4. Localiza os verbos do anterior texto e di cal é o tempo verbal que se emprega en cada caso. Converte os verbos ao presente e explica que cambios se producen no significado.

O modo

O **modo** indica a actitude do falante ante a acción expresada polo verbo.

- **Indicativo:** presenta a acción como real (***aprobades** todo*).
- **Subxuntivo:** presenta a acción como irreal, desexable, posible... (*oxalá **aprobades** todo*).
- **Imperativo:** emprégase para dar ordes ou expresar mandato. Só se emprega en segunda persoa de singular e plural (***aprobade** todo*).

5. Indica cal é o modo dos verbos do cadro da marxe.

6. Fai un cadro no teu caderno e clasifica as formas verbais destacadas no texto da páxina anterior segundo a persoa, o tempo e o modo.

**terei
quixeron
digades
darás
estade
fixese
come
andaría
colliches
xoguen
falabamos
saíde**

Pronunciación feble:
za, ce, ci, zo, zu.

Pronunciación forte:
ca, que, qui, co, cu.

Uso de c / z / qu

O *c* non se pronuncia igual cando vai seguido das vogais *a, o, u* ca cando vai seguido das vogais *e, i*.

- Ante **a, o, u**: o **c** ten pronunciación forte: *casa, cumio, cousa*.
- Ante **e, i**: o **c** ten pronunciación feble: *cereixa, cincento*.

O *qu* sempre se pronuncia igual e só vai diante de *e, i*: *queixo, química*.

O *z* vai diante de *a, o, u* e pronúnciase coma o *c* ante *e, i*: *zapato, zoco, zume*.

1. Completa estas palabras con **c, z** ou **qu**:

__UARTO

__OME__AR

__OLO__AR

AR__IVO

__UMEGAR

AR__IPÉLAGO

CA__AR

__INTO

PA__IFISTA

PA__ETE

__ILÓMETRO

E__OLÓXI__O

__ÍMICA

__IN__ENA

MA__INISTA

Uso de c / cc e t / ct

Algunhas palabras cultas, como *ficción, dúctil, veredicto, dicción...*, manteñen os grupos *cc/ct* tras *i* ou *u*.

- Escríbese **cc** e **ct** despois de **a, e, o**: *acción, electoral, occidente*.
- Escríbese só **c** ou **t** despois de **i, u**: *diccionario, conductor*.



2. Completa as palabras das viñetas coas consoantes necesarias.

3. Escribe correctamente estes enunciados coas letras que falten:

- Comezou a constr_u__ión da nova piscina. A estru__ura do edificio xa está erguida.
- Se teño ele__ión, prefiro comer produ__os naturais.
- A miña tía é tradu__ora e corre__ora de libros.
- Ten unha cole__ión de películas de ciencia fi__ión feitas por grandes dire__ores.

Tipos de textos

- O **diálogo** é o procedemento narrativo mediante o cal a voz narradora reproduce o que din os personaxes cando conversan entre eles. Pódese representar en estilo directo ou en estilo indirecto.
 - **Estilo directo:** Reprodúcense as palabras dos personaxes tal e como as dixeron e cada intervención márcase cun guión no comezo.
 - **Estilo indirecto:** Unha voz narradora conta o que os personaxes dixeron e modifícanse os tempos verbais e os nexos.
- Un **chat** é unha conversa mantida por escrito e a tempo real por dúas ou máis persoas conectadas a Internet.
- As **cartas persoais** son escritos a través dos cales nos poñemos en contacto con familiares, amigos ou outras persoas. Neste tipo de cartas prevalece a función expresiva da linguaxe e utilízase un rexistro informal ou familiar. As cartas seguen unha estrutura fixa: lugar e data; nome e lugar de residencia da persoa á que se dirixe a carta; saúdo ou encabezamento; corpo da carta; despedida e sinatura.
- O **correo electrónico** pode empregarse para as mesmas situacións en que se utiliza unha carta tradicional, pero posúe a vantaxe de ser inmediato. Nel pódense mandar documentos adxuntos: textos, fotos, cancións, vídeos...
- A través dos teléfonos móbiles podemos enviar as **mensaxes SMS**. Como deben ser breves, nelas téndese a eliminar as palabras que non son imprescindibles e a utilizar as abreviaturas de xeito xeneralizado.

Lingua e sociedade

- En España fálanse **sete linguas distintas** (galego, español, astur-leonés, éuscaro, aragonés, catalán e aranés). Xunto coas propias da poboación inmigrante, supoñen unha riqueza lingüística e cultural.
- Cerca da **metade dos cidadáns** do Estado español vive en áreas bilingües ou trilingües.
- Non todas as linguas de España teñen o mesmo recoñecemento legal. A única que é **oficial** en todo o Estado é o castelán. Das restantes, o galego, o éuscaro, o catalán e o aranés son **cooficiais** nas súas respectivas comunidades autónomas.
- As **leis de normalización lingüística** teñen como fin promover e regular o seu coñecemento e uso, intentando compensar así a situación de inferioridade na que se atopan con respecto ao castelán. Nos estatutos de autonomía confíreselles aos poderes públicos a responsabilidade de velar pola normalización das linguas propias en todos os ámbitos da sociedade.
- A excepción do éuscaro, todas as demais linguas propias de España pertencen á **familia indoeuropea** e, en concreto, ao subgrupo das **linguas románicas** (procedentes do latín). Isto facilita a súa aprendizaxe e permite un grao de comprensión bastante alto entre elas.

A lingua por dentro

- O **verbo** é unha clase de palabras que expresa a acción realizada por un suxeito e desempeña a función de predicado.
- Os verbos poden pertencer a **tres conxugacións distintas**, dependendo de cal sexa a terminación do infinitivo: 1ª conx.: rematados en *-ar*; 2ª conx.: rematados en *-er*; 3ª conx.: rematados en *-ir*.
- As formas verbais divídense en dúas partes fundamentais: **raíz** (indica o significado do verbo) e **desinencias** (indican a persoa, o tempo e o modo).
 - Nos **verbos regulares** a raíz non cambia aínda que cambie a persoa, o tempo ou o modo. Nos **verbos irregulares** a raíz varía nalgúns casos.
- O **tempo** indica o momento en que se produce a acción expresada polo verbo con respecto ao momento de fala.
 - **Presente:** a acción acontece ao mesmo tempo que se fala.
 - **Pasado:** a acción acontece nun momento anterior ao tempo en que se fala. O pasado pode presentar distintas formas:
 - *Pretérito:* expresa unha acción rematada no pasado.
 - *Copretérito:* accións que suceden ao mesmo tempo no pasado.
 - *Antepretérito:* acción anterior a un momento do pasado.
 - **Futuro:** a acción vai ocorrer despois do momento da fala.
- O **modo** indica a actitude do falante ante a acción expresada polo verbo.
 - **Indicativo:** presenta a acción como real.
 - **Subxuntivo:** presenta a acción como irreal, desexable, posible...
 - **Imperativo:** emprégase para dar ordes ou expresar mandato. Só se emprega en segunda persoa de singular e plural.

Letras e signos

- O **c**, ante *a, o, u*, ten pronunciación forte: *casa, cumio, cousa*. Ante *e, i*, ten pronunciación feble: *cereixa, cincento*.
- O **qu** sempre se pronuncia igual e só vai diante de *e, i*: *queixo, química*.
- O **z** vai diante de *a, o, u* e pronúnciase coma o **c** ante *e, i*: *zapato, zoco, zume*.
- Escríbese **cc** e **ct** despois de *a, e, o*.
- Escríbese só **c** ou **t** despois de *i, u*.
 - Algunhas palabras cultas mateñen *cc / ct* tras *i* ou *u*.

PROBA DE AVALIACIÓN

O traxe

Hoxe, á hora do recreo, ía eu buscar a Miguel (...) pero vén Moncho e córtame o paso.

—Carlota, tes un momentíño?

Non me queda outro remedio ca contestar afirmativamente.

—Necesito preguntarche unhas cousas do traxe do trasgo... como onte non viñeches e estivemos preparando isto na clase de lingua española...

5 Non sei se está esperando unha explicación de por que faltou un luns de cada dous, pero non lla penso dar.

—Dime.

—Roberto propuxo unhas mallas, un traxe coma os dos superheroeos. Di que ti falaras dun tal Far e Devil, supoño que se refería a Daredevil non?

—Coñeces a Daredevil? —pregunto eu encantada.

—Son afeccionado aos cómics —di coma desculpándose—. Vexo que ti tamén. Ben, o que quería saber é se tes mallas de baile ou algo que poida

10 servir como parte do traxe, ou se temos que conseguilo todo de novo. Fixen uns bosqueños, uns figurinos para os traxes. Non te rías de min, debuxo bastante mal! (...)

—Gústache? —pregunta—. A ti, con esas pernas longas que tes, hanche quedar ben as mallas. Non creas que é un traxe que poida levar calquera! É un piropro? Haberá algún rapaz que me mira e ve algo distinto do gorro que levo na cabeza e que delata as sesións de quimioterapia? (...)

—Está moi ben. Si que teño unhas mallas de licra, un pantalón que uso ás veces para ximnasia —claro que el non me puido ver, non estou indo a

15 ximnasia—. O que non sei é que podo levar por riba como non sexa unha camiseta... pero non continúa pola cabeza, claro.

—Déixame que pense algo... de que cor son as mallas?

—Negras.

A banda sen futuro, Marilar Aleixandre (adap.)

1. Resume en poucas liñas o contido do fragmento anterior.

2. O texto da lectura é un diálogo en estilo directo. Por que? Subliña as partes nas que intervén a voz narradora.

3. Localiza todas as palabras do texto pertencentes ao campo semántico da vestimenta.

• Agora atopa a palabra que se agocha tras estas definicións.

— Acaba en *a*. Peza de vestir ou parte dun vestido que cae dende a cintura e pode ser máis ou menos longa. **A** _____

— Comeza por *s*. Xerseio ou chaqueta deportivos, ás veces con capucha. **S** _____

— Comeza por *c*. Correa que suxeita unha peza de vestir á cintura. **C** _____

— Remata en *-eiro*. Peza de roupa impermeable para protexerse da chuvia. **EIRO** _____

4. *Necesito preguntarche unhas cousas do traxe do trasgo... como onte non viñeches e estivemos preparando isto na clase de lingua española...* (l. 4).

• Indica a persoa e o tempo verbal dos verbos subliñados neste fragmento.

• Son os tres verbos regulares? Xustifica a túa resposta.

5. *Son afeccionado aos cómics* (l. 9).

• Completa as seguintes palabras con *c*, *cc*, *t* ou *ct*, segundo corresponda:

sele_ión produ_o di_ionario

condu_orá a_uar a_ión

• Agora completa estoutros termos con *c*, *z* ou *qu*:

_a_ola _in_a ar_ivo

_ebola _ume _ou_e

6. *...estivemos preparando isto na clase de lingua española...* (l. 4).

• Sinala no mapa qué lingua é a propia de cada un dos territorios destacados con cores. Cales son as catro linguas cooficiais nas súas comunidades autónomas xunto co castelán?

